

Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra - Aspanaex para a realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na Administración do Parlamento de Galicia

REUNIDOS

Dunha banda, o Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra, D^a María Teresa Galisteo de la Fuente (DNI nº 13731589Z), presidenta da Asociación a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra - Aspanaex (CIF nº G36605905), nomeada pola Asemblea Xeral o 24 de maio de 2017 de acordo co establecido no artigos 33 e 36 dos seus Estatutos.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este PROTOCOLO DE COLABORACIÓN e, para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia está comprometido coa integración das persoas con discapacidade intelectual no eido social galego, en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral. Para dar cumprimento a este compromiso, quere seguir contribuíndo a facilitar, na medida das súas posibilidades, a promoción e consolidación de todas as medidas viables e dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Segundo. A Asociación a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra - Aspanaex ten por obxecto a promoción das persoas con discapacidade intelectual, carecendo de ánimo de lucro.

De acordo co recollido nos seus estatutos, a Asociación dirixirase á consecución, entre outros, dos seguintes fins:

- a) Promover a integración social das persoas con discapacidade intelectual.
- b) Coidar, asistir, defender e amparar as persoas con discapacidade intelectual.
- c) Promover os servizos educativos, asistenciais, laborais, residenciais e sociais necesarios e axeitados para as persoas con discapacidade intelectual.
- d) Tutelar xuridicamente.
- e) Acoller, orientar e formar os pais e nais e familiares das persoas con discapacidade intelectual.
- f) Promover actitudes sociais positivas.
- g) Reivindicar, no nome das persoas con discapacidade intelectual, os seus dereitos.
- h) Realizar o seguimento das persoas con discapacidade intelectual da Asociación que consigan emprego, vixiando as súas condicións de traballo e o modo de desempeñalo.
- i) Promover a relación e intercambio entre as persoas asociadas, así como con outras asociacións.

Terceiro. É vontade de ambas as institucións colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas que favorezan a integración das persoas con discapacidade intelectual, no eido social galego, en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para o asinamento deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e Aspanaex para fixar o marco xeral de actuación para o deseño e a realización de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que poidan prestar servizos na Administración do Parlamento de Galicia, ben como persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e interino ou laboral de carácter temporal, ben como persoal en prácticas e/ou formación.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e Aspanaex, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométese a colaborar no desenvolvemento dos seus fins, mediante accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración.

Para tal fin, ambas as partes comprométese a desenvolver no futuro actividades no eido da formación, tales como as relativas á preparación e desenvolvemento de:

- Cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos no Parlamento de Galicia, que serán impartidos por persoal do Parlamento de Galicia co apoio de persoal de Aspanaex.
- Apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo das persoas traballadoras con discapacidade intelectual, así como do seu contorno laboral.
- Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.
- Realización de obradoiros prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia no contorno de traballo deste colectivo.

Terceira . Financiamento

O asinamento deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que deriven deste protocolo.

Cuarta . Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas páxinas web, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa aplicable a cada unha delas.

Quinta. Comisión de seguimento

Establécese unha comisión de coordinación e seguimento deste protocolo, que estará integrada por dous representantes do Parlamento de Galicia, un dos cales a presidirá, e por dous representantes de Aspanaex, un dos cales será a presidenta ou persoa na que delegue.


A dita comisión coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puideren xurdir na súa execución. Poderá estar asistida polos técnicos ou técnicas que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do protocolo.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- A facultade de supervisión da execución e mais a adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das accións acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución



Este protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de mutuo acordo.



Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e rexerá polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que, de existiren no eido deste protocolo datos de carácter persoal, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Aspanaex poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido á Oficialía Maior.

Novena- Transparencia e bo goberno


O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asinan este protocolo de colaboración por triplicado en Santiago de Compostela o 23 de abril de abril de 2018.


Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA


María Teresa Galisteo de la Fuente
Presidenta da Asociación a favor das
Persoas con Discapacidade Intelectual
da Provincia de Pontevedra -
Aspanaex